

PRESENTACION

Boas tardes. Tódolos que temos relación co Belén, tiñamos un certo medo diante da organización desta temporada navideña e cultural. Era o primeiro ano sós, sin o fundador sin Don Xosé.

E a sorpresa amais de grata, foi grande: Organizamos máis actos que nunca, tivemos máis repercusión nos medios informativos qu nunca, veu mais xente que nunca, e notouse máis entusiasmo que calquer outro ano.

Quero facer constar aquí, e creo que en nome de cantos temos que ver no tema, que eso foi cousa de todos... Dos que estamos hoxe aquí, das autoridades, dos concursantes, dos membros do xurado, dos medios informativos, das xentes de Begonte, dos que fan o Belén... E aquí é obrigado facer mención especial para o matrimonio Varela (Joselín e Pilar). Sin eles non habería Belén. Gracias a eles, hai Belén. E unha parte sustancial tamén hai que botarlla a DON JESUS.

Foi unha verdadeira revelación... mentras aquí estivo DON JOSE, o seu irman permaneceu nun discretísimo segundo plano. Cando agora nos fixo falla, apareceu en toda a súa talla de home traballador, decidido, sorprendéndonos e alegrándonos a todos. Agora, con el á fronte, si que temos a absoluta seguridade de que o Belén vai seguir vivendo e medrando.